



Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2017

30 anos do Camiño de Santiago

- Sr. Presidente da Xunta de Galicia, Sr. Ex Secretario Xeral do Consello de Europa, Sr. Representante do Consello de Europa, Sr. Presidente da Comisión Executiva do Consello Xacobeo e Director Xeral de Industrias Culturais e do Libro, Autoridades, Señoritas e Señores

-Quero darlles a todas e a todos a benvida á meta do Camiño. Todos os camiños teñen un fin. Todos os camiños procuran un obxectivo. Todos eles desexan chegar a unha meta. Como alcalde de Santiago de Compostela é para min un auténtico pracer, e todo un honor, darlles a benvida á meta dos camiños.

- Causa ou consecuencia? Santiago como causa dos camiños ou Santiago como consecuencia dos camiños? É unha boa pregunta. Aínda que, como tantas outras preguntas, non ten unha resposta directa e simple. Compostela é unha urbe que nace e se desenvolve ao redor do feito xacobeo, iso é innegable, e os camiños a Santiago son parte fundamental desa historia de éxito, como cidade, que é Santiago de Compostela.

- As boas historias, os bos relatos, sempre teñen as doses de misterio e de realidade xustas. A de Santiago é unha desas boas e grandes historias. Independentemente do que acontecese aquela noite, no bosque Libredón, do que si que temos a certeza absoluta é do que chegou nos anos seguintes. Santiago tornouse en centro político-relixioso grazas aos camiños e as peregrinacións chegadas xa desde toda a Europa.


- Foi o camiño e a súa puxanza a que obrigou a construír un templo máis grande, foi o camiño o que achegou a Compostela a diversidade, as tendencias e as modas dos diferentes países europeos. A riqueza da diversidade foi sempre o mellor tesouro da nosa cidade. Naquel momento no que a Europa medieval necesitaba pensarse e procurar novos horizontes, Santiago exerceu como meta e como centro.

- Así naceu unha ruta que tendo numerosos puntos de partida tiña unha única meta: chegar a Santiago facendo camiño. Unha ruta que atravesaba territorios, paisaxes, culturas, xentes e que se ía enriquecendo cada vez máis. Un camiño de diversidade.

- Compostela, a cidade, foi medrando, pasou de ser un pequeno burgo nacido por volta dun pequeno templo a consolidarse como urbe, e ao redor dela, ao redor de Santiago de Compostela, naceu tamén un país. Un país atlántico, na fin do mundo, un país que foi definido como célula de universalidade, unha terra que gañou co camiño e que soubo mirar a Europa desde sempre, desde os seus inicios. Hoxe mostramos, reivindicamos e exercemos con orgullo a capitalidade deste noso país: Galiza.



- Mais, volvendo ao Camiño. Pasado o medievo, o devir histórico europeo provocou que os camiños foran esmorecendo. Esmorecidos mais non esquecidos. Hoxe celebramos que hai 30 anos, nun momento no que Europa necesitaba volver reinventarse, o Camiño de Santiago foi unha das ferramentas para esa reinvención, sendo recoñecido como o primeiro itinerario cultural europeo.
- Quero recoñecer a todas aquelas persoas que o fixeron posible, algunhas das cales, hoxe están aquí presentes. E agradecerlles en nome de Santiago de Compostela todo aquel seu esforzo.
- Nestes 30 anos temos avanzado moito, as cifras e a referencialidade do Camiño non teñen nada que ver. Daqueles 2.905 peregrinos de 1987 pasamos á cifra récord que supuxo o 2016 con 278.224. Cifra que, xa lles adianto foi superada neste 2017, a falta de 2 meses e medio de que termine o ano. Por cada peregrino de 1987 hoxe temos máis de 100. Unhas cifras de récord, unhas cifras de éxito que tamén demandan a reflexión, que exerzamos con responsabilidade a súa gobernanza e que nos próximos anos asentemos as bases para protexer, aínda máis, os Camiños, para protexer as súas paisaxes e diversidade mais tamén para conseguir manter a experiencia, o seu desfrute ambiental e a súa espiritualidade.
- Co horizonte do ano 2021, xa aquí, é importante chegarmos aos consensos necesarios para protexer este noso máis prezado ben común. Como sempre, co leal traballo interadministrativo no que teñen que ser ouvidas todas as voces. Tamén as da administración local, aquela máis próxima ao cidadán, tamén a máis próxima aos nosos visitantes. Será aquí onde poderán encontrar sempre ao Concello de Santiago.
- Mais volvendo ao inicio, e prométoles que conclúo xa, Santiago de Compostela é hoxe unha cidade moderna, capital de Galiza, cidade universitaria, importante centro de servizos que conta tamén cun cada vez máis poderoso brazo económico, empresarial, industrial e comercial. É unha capital que recolle as voces, as demandas, as protestas e as reivindicacións da cidadanía galega. Sede do noso Parlamento, da soberanía do noso pobo e das nosas institucións de autogoberno, que hoxe aquí quero reivindicar.
- Santiago tense reinventado, e ao igual que o Camiño ten desbordado o feito relixioso, sen negalo mais superándoo, hoxe somos unha cidade innovadora que aposta polo social, pola solidariedade, pola igualdade, pola cooperación, polo diálogo entre as culturas e pobos do mundo. Unha cidade que non dubida en colocarse á fronte do país na reclamación dun mundo mais xusto e mellor para todas e todos. Porta de entrada a Galiza e escaparate do que somos no mundo. Así é como nos sentimos hoxe os homes e mulleres de Compostela, os picheleiros e picheleiras.
- Despídome xa, reivindicando aquelas palabras que pechaban a Declaración de Santiago de Compostela de hai 30 anos, e que consideramos que continúan moi vixentes, para que alén das diferenzas e os intereses nacionais percorramos os camiños para construír unha sociedade fundada na tolerancia, o respecto aos demais, a liberdade e a solidariedade.



Martiño Noriega Sánchez
Alcalde de Santiago

- Lembrando estas importantes palabras, e nun momento no que necesitamos novas reinvenções, quero reiterarlles a benvida a Santiago de Compostela, capital de Galiza e meta dos Camiños.

Martiño Noriega Sánchez
Alcalde de Santiago de Compostela